

Proposta de unificación das divisións Longbow, Desnudo, Composto e Recurvo, nas categorías maiores de 14 anos, cando non exista participación suficiente.

Presentación da situación actual

O tiro con arco é un deporte minoritario e en base ás estadísticas por cada 4 licenzas emitidas pola federación española menos dunha corresponde a mulleres. Aínda así, en 7 anos, pasamos de que as mulleres representaran o 15% de las licencias a casi o 25%.

Eso significa que a participación feminina tende a aumentar e a pesar deste feito, debido ao desenrolo das competicións, estamos organizados en varias categorías (mistura da idade e do tipo de arco), e por ende moitas veces pasa que hai categorías nas que participan 1 ou 2 persoas, e polo tanto, quedan sen categoría, a pesar de competir igual que os seus compañeiros. Son casos como os de Longbow, Desnudo, Composto senior feminino e nas categorías inferiores de Olímpico. Son categorías que non sempre teñen un número mínimo esixido de participantes.

As normativas 1 e 2 falan, respecto dos Trofeos Federación e dos Campionatos Galegos respectivamente, que para poder proclamarse un campión ou campioa galegos ten que haber un mínimo:

- De catro inscritos, no caso dos homes.
- De tres inscritos, no caso das mulleres.

A nosa proposta e que se faga unha modificación na normativa das competicións para que, no caso de que ditas categorías non teñan participantes suficientes, se poidan unificar mulleres e homes, e se establezca unha categoría única.

Ata agora, os/as participantes que non tiveron categoría, nunca disfrutaron dun recoñecemento nas competicións, e son persoas que traballan duro e, en moitos casos, conseguen marcas de puntuación mellores incluso que nas categorías masculinas. Isto nos expón á falta de motivación co que nos podemos enfrontar a un desinterés que remate co abandono da competición o incluso do propio deporte.

Unificar e facer unha categoría única as motivaría, xa que competirían con máis compañeiros, e iso lles esixiría un maior rendemento a nivel deportivo. Asimesmo, pensamos que elas se sentirían máis integradas, e non ca percepción de estar nun entreno máis.

Confiamos que esta proposta sexa do voso agrado para que poidamos contar co voso apoio de cara a Asemblea Xeral.

Modificación da Normativa 1 da FGTA Campionatos Galegos

2. PARTICIPACIÓN

2.3. O número de arqueiros/as estará limitado pola capacidade das instalacións. O número de parapetos deberá ser, como mínimo, de vinte (20). O Club, ou entidade colaboradora comunicará o número exacto antes da emisión da circular correspondente.

2.4. O número mínimo de inscritos para que nunha categoría se poidan proclamar Campións/as Galegos/as será de catro (4).

No caso das clases: muller, cadetes e menores de 14 anos, poderanse proclamar campións/as no caso de haber tres (3) arqueiros/as participantes.

2.5. Os Campións/as, Segundos/as e Terceiros/as Clasificados/as de cada categoría serán proclamados ao finalizar cada Campionato Galego. As distintas clasificacións dos Campionatos Galegos realizaranse baixo as normas da WA e da RFETA en vigor, **agás no caso de que nunha categoría non exista mínimo de participación.**

2.6 No caso daquelas categorías maiores de 14 anos, que non teñan número suficiente de participantes para poder declarar campión/a, establecerase, tras as series clasificatorias e con independencia do punto 2.5., unha categoría unificada mixta de cara as eliminatorias e que terá carácter de *Campionato Galego*, unificando as clasificacións dos deportistas homes e mulleres, tendo opcións para ambos a un título oficial da FGTA, e por ende un recoñecemento ao seu esforzo.

3. CALENDARIO E FORMATO DO CAMPIONATO

3.3. Celebraranse series eliminatorias e finais en todas as categorías con catro (4) ou máis inscritos, excepto nas categorías de Alevín, Benxamín e Esquíu, nas que non se celebrarán eliminatorias.

As eliminatorias conformaranse da seguinte forma:

-Con catro (4) inscritos, Final para 1º e 2º. O 3º e 4º será por puntos.

-Entre cinco (5) e oito (8) inscritos, comezarán en semifinais.

-De nove (9) inscritos cara adiante, comezarán en cuartos de final.

De tal forma que ningún/a arqueiro/a acceda con pase directo, excepto no caso de que un/ha arqueiro/a se retire.

3.4. As eliminatorias e finais individuais en cada una das categorías desenvolveranse de acordo co Regulamento WA e/ou da RFETA.

3.5. Nas categorías maiores de 14 anos, que non teñan suficientes participantes para poder declarar campión/a nalgun dos sexos, ambos sexos tirarán a serie clasificatoria de forma independente.

Destas series clasificatorias saíran os campións/campionas galegos de cada sexo se os houbera. Logo se fará unha clasificación xeral mixta para establecer as series eliminatorias para o **Campionato Galego Unificado en dita categoría seguindo o indicado no punto 3.3. desta normativa.**

3.6. Na convocatoria especificarase o número de flechas que se tirarán por tanda, no caso de que o regulamento permita distintas opcións.

6. MEDALLAS E TROFEOS

6.1. Outorgaranse trofeos aos tres primeiros clasificados de cada categoría, indicando a súa clasificación (Campión/a, Subcampión/a e Terceiro/a Clasificado/a), **pero soamente se proclamarán campións da categoría** sempre que se cumpra o disposto no artigo 2.4.

Nas categorías cadete e menores, entregarase medalla a todos os participantes que non obteñan trofeo.

Nas categorías onde non se dispute o seu campionato, por non cumprir o artigo 2.4., ~~a entidade colaboradora na organización do Campionato Galego poderá conceder trofeos, dispensando o mesmo recoñecemento a todas as categorías, previo acordo coa FGTA; salvo para as categorías cadete e menores, nas que se entregará trofeo ao primeiro/a clasificado/a, sin poder ser declarado/a campión/a, e medalla a o resto dos participantes.~~ celebrarase o Campionato Galego Unificado de dita categoría, onde @s tres primeir@s clasificad@s recibirán trofeos e proclamarase un/ha campión/a.

Ao final de cada tempada a FGTA entregará aos/ás arqueiros/as que se proclamasen Campións Galegos un diploma acreditativo de tal condición.

Modificación da Normativa 2 da FGTA Trofeos Federación Galega - Xunta de Galicia

2. PARTICIPACIÓN

2.4. O número mínimo de inscritos para que nunha categoría se poida proclamar un/ha gañador/a no TROFEO FEDERACIÓN GALEGA – XUNTA DE GALICIA será de catro (4). No caso das clases: muller, cadetes e menores de 14 anos, poderanse proclamar gañadores/as no caso de haber tres (3) arqueiros/as participantes.

2.5. Os/As Primeiros/as, Segundos/as e Terceiros/as Clasificados/as de cada categoría serán proclamados ao finalizar cada Trofeo. As distintas clasificacións dos Trofeos realizarase baixo as normas da WA e da RFETA en vigor.

2.6. Nas clases maiores de 14 anos nas que non exista participación mínima para proclamar campión establecerase, con independencia do punto 2.5, unha **categoría unificada** mixta que terá carácter de *Trofeo Federación*, unificando as clasificacións de mulleres e homes, tendo opcións tod@s a un título oficial da FGTA, e por ende un recoñecemento ao seu esforzo.

2.7. Terá dereito a participar para revalidar o seu título o/a Gañador/a vixente do TROFEO FEDERACIÓN GALEGA – XUNTA DE GALICIA, independentemente do ránking e das puntuacións conseguidas.

4.MEDALLAS E TROFEOS

4.1. Outorgaranse trofeos aos/ás tres (3) primeiros/as clasificados/as de cada categoría, indicando a súa clasificación (Primeiro/a, Segundo/a e Terceiro/a Clasificado/a), **pero soamente se proclamarán campións da categoría** sempre que se cumpra o disposto no artigo 2.4.

Nas categorías cadete e menores, entregarase medalla a todos os participantes que non obteñan trofeo.

Nas categorías onde non se dispute o Trofeo Federación, por non cumprir o artigo 2.4., ~~a entidade colaboradora na organización do Trofeo Federación poderá conceder trofeos, dispensando o mesmo recoñecemento a todas as categorías, previo acordo coa FGTA; salvo para as categorías cadete e menores, nas que se entregará trofeo ao primeiro/a clasificado/a, sen poder ser declarado/a gañador/a, e medalla a o resto dos participantes.~~ celebrarase o **Trofeo Federación Unificado** de dita categoría, onde @s tres primeir@s clasificados recibirán trofeos e proclamarase un/ha campión/a.

Ao final de cada tempada a FGTA entregará aos/ás arqueiros/as que se proclamasen Gañadores/as do TROFEO FEDERACIÓN GALEGA - XUNTA DE GALICIA un diploma acreditativo de tal condición.

4.2. En caso de retirada non xustificada do Campionato, non se terá dereito a ningún premio.